


SECUNDARIA

A stylized illustration of a man's profile, facing right. The man has dark hair and a mustache. He is wearing a dark garment. Above his head, several butterflies of various colors (brown, grey, white) are flying. To the right of his head, a large, stylized rose is depicted in a light, textured color. The background is a light, textured surface.

MARÍA CASARES



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CADERNO DIDÁCTICO

CADERNO DIDÁCTICO MARÍA CASARES

para educación secundaria

Ouvirmos SL

ouvir@ouvirmos.com
www.ouvirmos.com

© Textos:

Sara R. Espiñeira
Alba Guerra

© Imaxes:

Arquivo do Reino de Galicia (ARG).
Arquivo de Paz-López-Nóvoa.
Arquivo da Casa Museo Casares Quiroga.
Gravados e colaxes de Sara Lamas.
Fotografía de Alberte Peiteável da figuriña dos
Premios de Teatro María Casares 2021, elaborada por
Paula Pereira, de Cavalinho do demo.

Imaxe de portada

Colaxe de Sara Lamas

A Coruña, Galicia, 2022

ÍNDICE

4	PRESENTACIÓN
4	OBXECTIVOS
5	VINCULACIÓN CO CURRÍCULO EDUCATIVO
8	INFORMACIÓN PARA O PROFESORADO E O PERSOAL EDUCADOR
12	ACTIVIDADES
42	PARA SABER MÁIS...



PRESENTACIÓN

Este material didáctico foi elaborado con motivo do centenario do nacemento da actriz María Casares, conmemoración que consideramos unha grande oportunidade para lembrar a súa figura e achegala ao alumnado de forma atractiva e didáctica. O feito de ser unha actriz de orixe galega pero cunha traxectoria artística en Francia, unido á súa condición de exiliada, fixo que se considerase practicamente unha estranxeira e, por conseguinte, que fose esquecida inxustamente tras a súa morte, a diferenza do que aconteceu en Francia, onde aínda hoxe é homenaxeada. Queremos reivindicar con este traballo a súa figura, senlleira e de especial relevancia para comprender o noso pasado, pero tamén o noso presente, outorgándolle o seu merecido espazo na memoria colectiva.

As actividades que presentamos, orientadas ao alumnado de Educación Primaria e Secundaria, non pretenden ser unha proposta didáctica pechada, pois coidamos que, para a súa maior eficacia, deben ser adaptadas aos intereses e coñecementos do alumnado e do profesorado, así como á súa diversidade, mediante a selección, modificación e afondamento naquelas cuestións que os e as docentes xulguen oportunas.

OBXECTIVOS

O obxectivo fundamental deste documento é servir de ferramenta básica para profesorado e persoal educador na difusión e posta en valor da figura da actriz galega exiliada María Casares. Partindo desta premisa, pretendemos acadar unha serie de obxectivos xerais a partir dos cales se deseñaron os contidos e actividades didácticas.

- Afondar na figura de María Casares con motivo da celebración do centenario do seu nacemento.
- Coñecer o contexto histórico no que se desenvolve a vida da actriz galega, achegándose á realidade do exilio.
- Descubrir a Galicia do século XX a través do ollar cálido e amable que a actriz garda sobre a súa infancia galega, e especialmente respecto á cidade da Coruña.
- Valorar positivamente o teatro coma un ben cultural.
- Recoñecer en María Casares un patrón de muller libre, formada e independente.

Estes obxectivos están estreitamente vinculados co currículo educativo e as competencias clave das distintas etapas educativas abordadas, que presentamos de maneira resumida a continuación.

Educación Primaria

A finalidade da etapa da Educación Primaria é facilitarlle ao alumnado as aprendizaxes de expresión e da comprensión oral, a lectura, escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e de preparalos para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria.

A aproximación á figura de María Casares como a gran exiliada galega e o seu recoñecemento coma unha das personalidades máis importantes da Francia da segunda metade do século XX atópase intimamente vinculado con esa adquisición de nocións culturais básicas que se referencia na finalidade de etapa.

O apego que a actriz amosaba pola súa terra natal alá onde ía, o canto do galego sempre presente no seu falar francés e español, as múltiples referencias ás tradicións, costumes, paisaxes galegas en cada entrevista que concedía..., fai que introducindo ao alumnado no seu mundo esteamos contribuíndo especialmente aos seguintes **obxectivos de etapa**:

- Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia ás mulleres e aos homes que realizaron aportacións importantes á cultura e á sociedade galega.

Así, algúns dos **contidos** máis significativos desenvolto ao longo da proposta acorde ao currículo:

- O patrimonio histórico, cultural e artístico.
- Valoración e respecto polo patrimonio histórico e cultural como fonte de información do pasado e como signo de identidade.
- España na Idade Contemporánea: o século XX. Mulleres e homes relevantes na historia de España e Galicia.
- Utilización de distintas fontes para a busca de información e para a súa representación.

Por último, as **competencias clave** prioritarias:

1. Conciencia e expresións culturais: implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico e cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, empregándoas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, así como en diferentes xéneros e estilos (música, pintura, escultura, cine, teatro, danza...). O desenvolvemento desta competencia supón interese, recoñecemento e respecto polas manifestacións artísticas e culturais, e pola conservación do patrimonio.
2. Competencias sociais e cívicas: inclúe tanto o coñecemento dos acontecementos contemporáneos como dos acontecementos máis destacados e das principais tendencias nas historias nacional, europea e mundial, e a comprensión dos procesos sociais e culturais de carácter migratorio.
3. Competencia dixital: Relaciónase coa busca, selección, rexistro e tratamento ou análise da información, o que implica o coñecemento das principais aplicacións informáticas e de diversas destrezas relacionadas co acceso á información. Require o dominio de linguaxes específicas básicas (textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora, así como as pautas de codificación e decodificación).

Educación Secundaria Obrigatoria

A finalidade da Educación Secundaria Obrigatoria é acadar, entre outros logros, que o alumnado adquira “os elementos básicos da cultura” (Decreto 86/2015). Neste senso, propoñemos unha serie de actividades que permitan achegarse á figura da actriz desde a perspectiva das artes e das humanidades. Aínda que a súa aplicación ten maior afinidade co currículo das materias de Lingua Galega e Literatura e Xeografía e Historia, tamén consta de actividades que se poden traballar de maneira interdisciplinar co profesorado de materias como Lingua Castelá e Literatura, Lingua Estranxeira: Francés e Educación Plástica, Visual e Audiovisual.

As actividades da nosa proposta pedagóxica están relacionadas coa práctica totalidade dos **obxectivos xerais de etapa**, pero especialmente cos seguintes (Decreto 86/2015):

- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

En relación directa con estes obxectivos, abordaranse os seguintes **contidos**, referentes á materia de **Lingua Galega e Literatura**:

- Lectura comprensiva de textos, audición de poemas e análise estilística destes
- Lectura dramatizada e comprensiva de pezas teatrais e análise dos seus compoñentes
- Desenvolvemento de habilidades lingüísticas para unha competencia comunicativa integrada
- Participación activa e respectuosa na aula, especialmente nun debate
- Producción de textos sinxelos de intención estética
- Familiarización coas TIC e consulta de fontes básicas de información

Na materia de **Xeografía e Historia** pode orientarse a calquera curso, debido á presenza de actividades que abordan contidos básicos como a ordenación temporal de acontecementos e a utilización de mapas, mais será especialmente relevante para o 4º curso da ESO, onde se tratan os contidos “II República española e Guerra Civil”.

Ademais, é especialmente interesante contar coa colaboración do profesorado da materia de **Educación Plástica e Visual** na elaboración do produto final da unidade, onde se traballarán os seguintes contidos do 1º e 3º curso: “Composición: elementos” e “Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas”.

Ao longo da unidade didáctica, desenvolveremos todas as **competencias básicas da etapa**:

- Comunicación lingüística: a través da lectura comprensiva e crítica dos textos informativos e dos anacos das súas memorias, ademais da produción de textos orais e escritos.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: a partir de distintas actividades que traballan a situación espacial en mapas.
- Competencia dixital: a través do manexo das TIC na busca de información, xa sexa autónoma ou guiada, grazas ás ligazóns ou códigos QR que se propoñen.
- Aprender a aprender: desenvolvemento da lectura individual e comprensiva e do traballo en equipo, ademais doutras estratexias que permiten a síntese do aprendido, especialmente nos apartados finais de cada unha das seccións, denominados “Un océano de palabras”.
- Competencias cívicas e sociais: a partir da propia figura de María Casares, que consideramos un modelo na defensa da liberdade e da igualdade entre os seres humanos.

- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor: grazas á participación nun debate e a concepción creativa dunha colaxe como produto final.
- Conciencia e expresións culturais: a través da apreciación da linguaxe teatral, cinematográfica e das artes plásticas (colaxe e caligrama).

Bacharelato

Aínda que se trata dunha unidade didáctica orientada principalmente cara á Educación Secundaria Obrigatoria, non queremos excluír ao alumnado de Bacharelato, que de seguro pode beneficiarse de moitas das actividades presentes, especialmente daquelas que afondan en aspectos concretos da vida da actriz, e que levan por título de sección: "Cara ás profundidades do océano". Será especialmente recomendado no Bacharelato da modalidade de Humanidades e ciencias sociais e da modalidade de Artes. Aínda que a súa aplicación ten maior afinidade co currículo das materias de Lingua Galega e Literatura, Historia de España, Historia do Mundo Contemporáneo e Artes Escénicas, tamén consta de actividades que se poden traballar de maneira interdisciplinar co profesorado de materias como Lingua Castelá e Literatura ou Lingua Estranxeira: Francés.

O bacharelato ten como finalidade "proporcionarlle ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia" (Real Decreto 86/2015).

As actividades da nosa proposta pedagóxica están relacionadas coa práctica totalidade dos **obxectivos** xerais de etapa, pero especialmente cos seguintes (Decreto 86/2015):

- Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.
- Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

En relación directa con estes obxectivos, abordaranse os seguintes **contidos**, referentes á materia de **Lingua Galega e Literatura I e II**:

- Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa.
- Participación activa e argumentada en interaccións orais e debates.
- Aplicación de estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade.
- Literatura galega entre 1936 e 1975: autores/as do exilio (prosa e teatro).

Na materia de **Historia de España**, esta unidade pode axudar a profundar nos contidos do bloque 10: "A II República. A Guerra Civil nun contexto de crise internacional (1931-1939)" e do bloque 11: "A ditadura franquista (1939-1975)". Tamén no currículo de Historia do mundo contemporáneo se poden traballar os contidos de "Fascismos europeos e nazismo alemán".

Dentro da materia de **Artes Escénicas**, trabállanse todos os contidos do bloque 1: "As artes escénicas e o seu contexto histórico" e do bloque 2: "A expresión e a comunicación escénica", onde o profesorado pode afondar na análise dos vídeos propostos das actuacións de María Casares.

Outras materias relacionadas tanxencialmente nalgúns dos seus contidos son **Literatura universal**, polo contido "Relacións entre obras literarias e o resto das artes" e **Fundamentos da Arte II**, onde se recolle a "Colaxe".

INFORMACIÓN PARA O PROFESORADO E O PERSOAL EDUCADOR

María Casares: unha infancia en Galicia

María Victoria Casares Pérez naceu na Coruña o 21 de novembro de 1922 e faleceu o 22 de novembro de 1996 en La Vergne, a súa casa de Alloue, na Charente francesa. A nena Vitola, así a chamaban os seus familiares, foi filla de Gloria Pérez Corrales e Santiago Casares Quiroga. Tivo como irmá maior a Esther Casares Quiroga, filla dunha relación anterior do pai.

Gloria Pérez, procedente dunha saga de mulleres obreiras coruñesas, as cigarreiras, representaba para María a natureza, a terra, a fala, a cultura oral e popular, chegando a erguerse ante ela como unha meiga, "*une vrai femme*". Dela aprende as lendas sobre a Santa Compañía e as historias de sereas, trasgos e meigas. Por outra banda, Santiago Casares Quiroga, educado nunha familia burguesa, atea e progresista, achegáballes a María o poder da palabra, o humor e a ironía, o interese polos libros e por observar o mundo que a rodeaba. Ábrelle as portas do seu laboratorio, onde se serven de microscopios e de esqueletos auténticos para aprehender a realidade, e da súa biblioteca, onde a inicia ao recitado de Curros Enríquez, Rosalía de Castro, Rubén Darío, Valle-Inclán, Teresa de Ávila ou Bécquer. Este marcado interese familiar por unha educación seguindo os valores republicanos vese manifesto cando a envían, con cinco ou seis anos, ao Collège Français da Coruña (a actual Avenida da Habana, nº. 4), onde recibe unha formación laica e toma un primeiro contacto coa lingua francesa.

A súa infancia en Galicia estivo marcada pola plenitude e deixou unha forte pegada na nena, que foi conservada ata os últimos días pola adulta, como un refuxio íntimo e verdadeiro do que se valeu en ocasións como fonte de inspiración creativa á hora de dar vida ás súas personaxes.

Ata os 8 anos, María Casares foi desenvolvendo un profundo sentimento de pertenza a esta terra. O tempo de xogo e lecer nos xardíns do pazo de Montrove, os paseos a carón do mar e os chíos das gaivotas na praia de Bastiagueiro, os domingos de chocolate con churros coa súa nai e as tardes na biblioteca familiar co seu pai na Coruña, o xurdir das primeiras amizades que perduraron no tempo, a liberdade salvaxe da natureza e a aldea... son imaxes e recordos que a acompañarán ao exilio. Tal é así que, durante os seus anos en Francia, habita lugares nos que é doado establecer un certo paralelismo con aqueles que marcaron a súa infancia en Galicia: a rúa Vaugirard, onde vive en Francia, constitúe un espazo de refuxio e de encontro de intelectuais galegos, análogo á casa coruñesa da rúa Panaderas. A praia de Camaret, na Bretaña, que visita nunhas vacacións, lémbrales á de Bastiagueiro; e a casa da súa madurez, La Vergne, parécese ao pazo que alugaba os veráns a súa familia en Montrove.

En 1931, coa proclamación da II República, Santiago Casares Quiroga é nomeado ministro da República e debe trasladarse a Madrid para desempeñar as súas responsabilidades no Goberno, e a súa familia acompaña. María Casares sempre se referiu a este momento como o seu primeiro exilio, a pesar de que cada verán a familia retornaba ás terras galegas. Na capital recibiu unha formación de avanzada pedagóxica no Instituto-Escuela, seguindo as teorías educativas baseadas nas pedagogías activas e integrais da Institución Libre de Enseñanza, que estimulaban o desenvolvemento da personalidade dos nenos e nenas nas escolas mixtas. Pouco a pouco adaptouse ao ritmo da cidade, na que descubriu o cinema e o teatro, pero sen deixar de soñar co momento de volver comer os figos da horta da casa galega ou erguerse cada mañá coa vista do océano Atlántico na Coruña. Quizais foron estes anhelos os que, anos máis tarde, levaron á actriz a afirmar: "*Eu son do Océano*".

María Casares: unha vida no exilio

En xullo de 1936 o levantamento militar dá un xiro á vida de María Casares, ao igual que á de tantos nenos e mozos españois. Como consecuencia, a familia Casares sufriu unha dura represión: a casa familiar foi espoliada, requisouse o patrimonio Casares e mesmo se ordenou a eliminación do nome de Casares Quiroga de todo documento, mesmo do rexistro civil, aínda que hoxe sabemos que non se levou a cabo.

En novembro dese mesmo ano, María Casares e Gloria Pérez, fuxindo da guerra, decidiron instalarse en París, na rúa de Vaugirard; primeiro no Hôtel Paris-New York e despois nun apartamento alugado aos donos deste, no mesmo edificio. O que non imaxinaban, nin ela nin os milleiros de republicanos españois, era que este exilio sería tan longo. Ao remate da guerra, en 1939, Santiago Casares Quiroga reuniuse coa súa familia en París, pero a II Guerra Mundial trouxo ao ano seguinte a ocupación de parte de Francia polas tropas da Alemaña nazi, o que fixo que tivese que fuxir de novo, nun dobre exilio, cara a Inglaterra.

Esther Casares, a irmá de María, que quedara en España, foi represaliada por ser filla de Santiago Casares Quiroga: apartárona da súa filla e metérona tres anos no cárcere da Coruña. Unha vez saíu, foi sometida varios anos a un arresto domiciliario, o que fixo que tardase 19 anos en reencontrarse coa súa irmá.

María e Gloria pasaron a II Guerra Mundial en Francia como apátridas refuxiadas. O apartamento que a familia Casares alugara na rúa parisiense de Vaugirard, que se convertera xa durante a Guerra Civil nun lugar en que nai e filla acolían, solidarias, a exiliados republicanos, como os coruñeses Sergio Andión e Amalia de la Fuente, foi desta vez refuxio de persoas perseguidas polo nazismo. Destaca especialmente o caso da xudía rusa Nina Reicyn, doutora en filosofía e amiga de María Casares. Coa súa formación de pedagoga, axudaba á adolescente cos seus exames e durmía na súa casa para escapar das redadas nocturnas que buscaban a deportación das familias xudías. Tal e como recolle a actriz nas súas memorias, Gloria estaba segura de que elas eran o refuxio ideal, porque ninguén podería imaxinar que unha xudía se agochase na casa dunhas refuxiadas españolas en situación irregular. En momentos tan difíciles para todas elas, a solidariedade antifascista de dúas galegas refuxiadas é un gran exemplo de dignidade. Mais Nina e a súa familia non puideron escapar eternamente ás redadas: ela e outros trece membros da súa familia foron asasinados en Auschwitz.

A pequena, que apenas sabía falar francés cando chegou a París con 13 anos, decidiu rapidamente que quería dedicarse ao teatro, e contou coa aprobación materna. Non obstante, a lingua foi un importante lastre nos primeiros anos da súa formación, e levouna a suspender nas dúas primeiras ocasións o exame de ingreso no Conservatorio. Mais este intenso período de aprendizaxe deu rapidamente os seus froitos e levouna a debutar, con tan só 20 anos e xa como protagonista, no escenario dun teatro parisiense, interpretando en francés ante un público francés. Podemos imaxinar todas as dificultades que atopou (económicas, lingüísticas, culturais...) mais tamén as súas innatas calidades, o seu inmenso esforzo e o seu invencible espírito de loita, que sen dúbida a levaron a converterse na gran actriz que foi.

María Casares e o teatro

María Casares debutou como actriz profesional en lingua francesa en 1942, o día no que cumpría os 20 anos. Fíxoo no *Théâtre des Mathurins* interpretando o papel protagonista de *Deirdre*, unha exiliada coma ela, na obra homónima escrita polo irlandés J. M. Synge. A actriz describe este momento como un volver a nacer: "A terra onde fun feita é Galicia. Nacín no Théâtre des Mathurins. A miña patria é o teatro e o meu país de orixe a España Refuxiada" (Casares, 2009, p. 403).

A partir deste primeiro éxito, outros veñen detrás: *Les Justes* de Albert Camus, *Marie Tudor* de Víctor Hugo, *Le Triomphe de l'amour* de Marivaux ou *Macbeth* de Shakespeare. A súa carreira consolídase converténdose nun dos principais expoñentes do teatro francés, chegando mesmo a ser comparada con grandes mitos da interpretación, como Rachel ou Sarah Bernhardt.

A súa maneira de actuar era aclamada pola crítica, cunha compenetración total entre o corpo e a voz que estaba moi lonxe do que era habitual nesa época. Roland Barthes caracterizou a súa posta en escena como a

beleza dun movemento total. A súa intensidade na actuación proviña da súa concepción holística do teatro, en que este se confundía coa vida. Como ela mesma recoñeceu, as desgrazas vividas nutriron sempre as súas actuacións, o que a levou a explorar os textos e os personaxes ao límite, nun verdadeiro labor de investigación que a facía experimentar máis pracer nos ensaios ca nas representacións.

María Casares era, polo tanto, moi querida polo público francés. O seu éxito converteuse en referencia e orgullo para a comunidade tanto de exiliados como de emigrados galegos. Ao fin e ao cabo, tratábase dunha muller que erixira a súa carreira ao completo no exilio, rexurdindo na adversidade. María Casares era o claro exemplo do triunfo dos valores republicanos de dignidade, educación e liberdade que non puido apagar o fascismo. De feito, a actriz realiza unha xira teatral por Arxentina no ano 1957 coa compañía Teatro Nacional Popular (TNP), e reencóntrase en Bos Aires coa comunidade galega, que lle dedica unha moi sentida homenaxe, da que son en grande medida responsables os intelectuais galegos Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo, ferventes admiradores da actriz. O seu éxito fai que retorne nos anos seguintes realizando novas xiras teatrais por América Latina.

A súa carreira foi unha das máis sólidas, diversas e apaixonantes do teatro francés, embarcándose en proxectos tanto de correntes clásicas coma vangardistas. Traballou con compañías de teatro das máis importantes, como a Comedia Francesa ou Teatro Nacional Popular, dirixido por Jean Vilar. Ela sempre preferiu esta última, pola naturalidade e o compromiso de achegar o teatro a todas as clases sociais, cuns valores equivalentes aos do grupo teatral español La Barraca, dirixido por Federico García Lorca. O TNP levou a que María Casares se convertese na gran dama do célebre Festival de teatro de Avignon, que tamén dirixía Jean Vilar, e aínda hoxe a figura da actriz é lembrada con respecto e agarimo nesta cidade.

Xa na súa madurez, recibiu numerosos premios de recoñecemento ao seu labor, como a Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes en España (1987), o Premio Molière á mellor actriz (1989), o Premio Nacional de Teatro en Francia (1990) ou a Lexión de Honor francesa (1990). No ámbito galego, outorgóuselle a Medalla Castelao da Xunta de Galicia en 1990 e pedíuselle permiso, en 1996, para que os premios do teatro galego levasen o seu nome, pero morreu antes da celebración da gala. Hoxe, os Premios de Teatro María Casares, concedidos pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia, seguen a manter a súa vitalidade, e a da propia actriz María Casares, lembrándoa en cada edición.

Debemos lembrar que esta deslumbrante carreira foi posible pola presenza e o apoio incondicional da nai, Gloria Pérez, que puido dedicarse por enteiro á súa formación e paixón en momentos extremadamente complicados, tanto persoais como colectivos. Tamén o seu pai, dende o exilio en Inglaterra, cultivou o seu gusto polo teatro ao saber que o escenario era para María a nova terra na que botar raíces.

A actriz sempre levou nela a súa infancia galega, da que dicía extraer a forza necesaria para o seu traballo e a maxia imprescindible para a súa vida. O teatro francés alimentouse das imaxes e dos recordos vívidos que María gardaba na súa memoria e, sobre todo, no seu corazón, e que converteu as máis das veces na fonte de inspiración para dar vida ás personaxes. Nunca renegou do seu acento, ao contrario, ela dicía: "ese acento quédame para toda a vida, non mo quita ninguén, non hai que facer. Téñenme que aceptar como son e co acento que teño" (Heinze, 1991, p. 37).

María Casares e o cinema

María Casares non só destacou no teatro, senón que tamén tivo unha carreira cinematográfica de moito éxito. Sabemos tanto polas súas memorias como pola correspondencia intercambiada coa súa amiga da infancia, Pilar López-Nóvoa, que era asidua do cinema mentres vivía en Madrid, e que quedara impresionada ao ver na gran pantalla ao monstro de Frankenstein e a King Kong, ademais de quedar apaixonada con Clark Gable. Mantivo esta fascinación polo cinema ata a súa madurez.

Malia participar nunha vintena de filmes, o cinema sempre foi para ela unha actividade subsidiaria do teatro. Ela mesma recolle nas súas memorias que é no teatro onde se sente verdadeiramente libre, onde pode xogar, improvisar, ir dándolle vida progresivamente aos personaxes e mesmo participar na construción do texto teatral. Pola contra, critica a rixidez das rodaxes cinematográficas e os aburridos paróns entre toma e toma.

O período máis intenso da súa produción cinematográfica sitúase na década dos corenta. Entre 1945 e 1951, María Casares apareceu en once longametraxes francesas nas que interpretou personaxes importantes. O seu primeiro papel foi o de Nathalie en *Les Enfants du paradis* de Marcel Carné (1945), un dos filmes máis importantes da historia do cinema francés. Ademais deste fulgurante debut, cabe salientar a súa aplaudida interpretación das personaxes de Hélène en *Les Dames du Bois de Boulogne* (1945), de Robert Bresson; da duquesa Sanseverina en *La Chartreuse de Parme* (1948), de Christian-Jaque; e da princesa en *Orphée* (1950), de Jean Cocteau. Esta última valeulle a súa imaxe cinematográfica máis icónica. Por outra banda, cabe resaltar que prestou a súa voz para a gravación da parte narradora na curtametraxe *Guernica* (1950), documental elaborado por Alain Resnais et Robert Hessens, con guión de Paul Éluard e inspirado na obra de Picasso.

María Casares: a vida triunfante

María Casares morreu en 1996 aos 74 anos. A actriz doou a súa casa en La Vergne ao concello, en sinal de agradecemento a Francia por ser a súa "terra de asilo" durante tantos anos. Actualmente converteuse en La Maison Maria Casarès, un lugar de dinamización cultural no concello de Alloué, de aprendizaxe e creación teatrais, aberto ao público.

Non é ata 1976, tras a morte do ditador, cando María Casares regresa a España; corenta anos despois de ter collido aquel tren que a levaría a París co estoupido da guerra. A súa volta fíxoa en calidade de actriz, coa representación de *El adefesio* de Rafael Alberti, coa que visitou varias cidades españolas. Porén, sabemos que non volveu a Galicia, onde as últimas imaxes que se coñecen dela teñen lugar na praia de Bastiagueiro no verán de 1935, e que acompañaron á actriz ao exilio. Cales son os motivos que evitaron o seu retorno? Malia que a actriz soñara en numerosas ocasións con visitar a terra que a viu medrar, cara ao final da súa vida declarou que tamén sentía medo ao pensar que volver a Galicia podía derribar o seu recordo interior. Así mesmo, chegou a pensar que era tamén unha maneira de gardar fidelidade á figura do pai e á memoria familiar, tremendamente aldraxada durante os anos do franquismo. Volver a Galicia supoñía recibir unha serie de homenaxes que, ao seu xuízo, deberían ir destinadas a determinados membros da súa familia, que sufriron directamente a represión franquista.

María Casares escribe nas súas memorias que non cre en nada que non sexa a vida e o momento presente. Este amor pola vida herdouno da súa nai, xunto á que nunca renunciou ao pracer de vivir, como ela describe: "velaquí nós as dúas (...), soas, xuntas, a loitar co exilio, a guerra, a nosa situación e a vida á que ambas queremos fincarlle o dente, eu para agarrala, ela, para xa non perdela" (Casares, 2009, p. 191).

Entre as relacións amorosas que a actriz mantivo ao longo da súa vida, cabe destacar a que tivo co escritor e filósofo existencialista Albert Camus, Premio Nobel de Literatura en 1957 e autor, entre outras, das novelas *O estranxeiro* e *A peste*, hoxe dentro do canon da literatura universal. Nacido en Alxeria, fillo dunha muller con raíces españolas e orfo de pai tras a I Guerra Mundial, dedicou a súa vida á loita contra a inxustiza humana, formando parte da resistencia antifascista en Francia, pero tamén en España, onde levou a cabo varias accións solidarias en axuda aos republicanos españois. María Casares e Albert Camus coñécense en 1944, nunha obra escrita por el e onde ela participa, *O malentendido*. A súa relación, de grande intensidade e fraternidade, que deixou unha impronta moi visible nos traballos creativos de ambos os dous, viuse truncada por un accidente de coche en que o escritor morreu, aos 47 anos de idade. Del recolleemos as seguintes palabras que escribiu, a propósito da actriz: "María, nunha praia deserta, no extremo de Europa, cun vento feroz, corre seguindo a sombra das nubes pola area. Ela é a vida, triunfante" (Camus, 1989, p. 194).

A figura de María Casares foi recoñecida internacionalmente e hoxe é parte do noso patrimonio inmaterial, un modelo de resistencia e compromiso, de cultura e ética. A historia da súa vida achéganos unha lembranza necesaria e digna do exilio republicano, ademais dunha experiencia intensa, triunfante e exemplar dunha muller que abriu camiño, libre e independente, máis alá das fronteiras.

Nas palabras de María Lopo en *O tempo das mareas* (2016, p. 173):

"Mais fronte a tanta morte, ela sempre estivo coa vida: foi a vitoria da vida para os seus pais, o triunfo do desterro para os exiliados e a vida triunfante no seu lugar do amor."

ACTIVIDADES

A high-contrast, black and white portrait of actress María Casares. She is shown from the chest up, looking slightly to the right with a subtle, enigmatic smile. Her dark hair is styled in a classic, voluminous manner. The lighting is dramatic, highlighting her facial features against a dark background.

01. MARÍA CASARES: A VIDA INTENSA

Portada L'Écran
Arquivo da Casa Museo Casares Quiroga


María Victoria Casares Pérez naceu en 1922 na Coruña e morreu en 1996 en La Vergne, Francia. Foi unha actriz de teatro e cine de éxito, considerada unha das figuras artísticas máis relevantes da segunda metade do século XX.

Naceu no seo dunha familia acomodada, o que lle proporcionou unha educación de grande calidade para a súa época, e unha infancia feliz, entre a Coruña e Montrove. En 1931 instalouse en Madrid, tras o nomeamento do seu pai como ministro da II República. Uns anos despois, pouco antes de cumprir os 14 anos, tivo que exiliarse coa súa nai a París. Foi neste país, Francia, onde desenvolveu a súa carreira artística e onde permaneceu ata a súa morte.

Como podes intuír, a súa familia e o contexto político da época condicionaron en grande medida a súa vida. Descubre por que!

A FAMILIA CASARES


- 1** Completa a árbore familiar de María Casares cos nomes correspondentes.



- 2** Busca en Internet cal era a profesión do seu pai e engádea á árbore. De que modo cres que iso influíu na vida da actriz?

O CONTEXTO HISTÓRICO DO SÉCULO XX

- 1** Aquí embaixo tes dúas liñas do tempo paralelas referentes ao século en que viviu María Casares. Coloca ordenadamente os seguintes acontecementos históricos sobre a liña do tempo de España.



- 2** A continuación, a partir dos datos do texto de presentación da actriz, indica cales destes sucesos tiveron lugar durante a súa vida. Por último, sinala cales coincidiron co período en que estivo en España.
- 3** Como se indica no texto inicial, María Casares tivo que exiliarse a Francia e ficou neste país para sempre. Investigade en parellas para responder as seguintes cuestións.

- a)** Que é o exilio? Que motivos poden obrigar a unha persoa a ter que exiliarse?
- b)** En que se diferencia o exilio do desterro e da emigración?
- c)** Procura información sobre se aínda na actualidade hai persoas que se ven obrigadas a exiliarse.
- d)** Acompaña a María Casares no seu exilio: Traza sobre o mapa de Europa o percorrido da actriz.



Nesta actividade, pode servos de axuda visitar a páxina de ACNUR www.acnur.org



CARA ÁS PROFUNDIDADES DO OCÉANO: A AVOA CIGARREIRA

Todo o que sei é que Galicia é, quizais, o único lugar en España onde unha muller soa e solteira, cigarreira de profesión, Dona Pilar Pérez, podía alcanzar a fazaña, a comezos deste século, nunha cidade de provincia española, de traer ao mundo tres nenos dun mesmo home casado noutra parte, e crialos, conservando o respecto e a estimanza dos seus paisanos.

María Casares (2009), *Residente privilexiada* (p. 30)

Pilar Pérez, a avoa materna de María Casares, era cigarreira. Busca información sobre esta profesión.

- Escanea o código QR e observa as fotografías que se conservan das cigarreiras da Coruña. Que autora coruñesa plasmou a vida destas mulleres na novela *La Tribuna*?
- Chámache a atención algo sobre o texto que escribe? Por que pensas que podía non “conservar o respecto e a estimanza” da xente que a rodeaba?
- Que nos indica isto sobre a moral da época?



escanea o código qr

ou preme na ligazón:

<https://acorunhadasmulles.gal/mulles-traballadoras/>



A partir do que descubriches ata o de agora sobre María Casares, escolle tres palabras que penses que mellor a caracterizan e gárdalas para o proxecto final desta unidade.

CORUÑESA

CONSERVADORA

TRADICIONAL

ARTISTA

MULLER DO TEATRO

RESILIENTE

FRANCÓFONA


DELICADA

LOITADORA

CONFORMISTA

EXILIADA

02. GALICIA: O TEMPO DAS MAREAS



Última foto de María Casares en Bastiagueiro,
verán de 1935. Arquivo De Paz-López-Nóvoa

María Casares —ou Vitola, como a alcumaron na familia— naceu na rúa Panaderas, no centro da Coruña, onde pasou boa parte da súa **infancia**. Para ela esta foi unha etapa moi feliz, onde desfrutou da liberdade da nenez e do xogo en plena natureza, acompañada da súa gran amiga Pilar.

Mentres a súa nai lle descubría a mitoloxía galega a través de contos de meigas, trasgos e lendas da Santa Compañía, o seu pai acompañábaa a observar a natureza tanto no exterior coma dentro do seu laboratorio, onde observaban a división das células e aprendían os ósos do corpo a partir dun esqueleto humano auténtico. Ao mesmo tempo, é tamén seu pai quen lle descobre nesta época a literatura de Curros Enríquez, Rosalía de Castro, Rubén Darío, Valle-Inclán, Teresa de Ávila ou Bécquer, iniciándoa no recitado de poemas, como ela lembra nas súas memorias:

“Eu mesma declamaba a berros pasaxes enteiros, empoleirada nunha árbore do xardín, en voz baixa e a tremer cunha estraña emoción na escola ou diante de meu pai na súa grande biblioteca”

María Casares (2009), *Residente privilexiada* (p. 39-40)


Con cinco ou seis anos entra no Collège Français da Coruña, onde recibe unha educación laica e onde toma un primeiro contacto coa lingua francesa.

Aínda que marcha a Madrid aos 8 anos, volve coa súa familia cada verán a Galicia, a un pazo que a súa familia alugaba en Montrove, O Pazo do Río, e posteriormente a outra propiedade chamada Villa Galicia.

A CORUÑA DE VITOLA

1 María Casares define a Coruña como unha “pequena cidade aberta ao ceo inestábel e asolagada polo océano”. Sitúa no seguinte mapa as localizacións clave da súa infancia, e relaciónaaas coas fotografías e as descrições da páxina seguinte:

- rúa Panaderas, n.º 12
- praia de Bastiagueiro
- Collège Français (Avenida da Habana, n.º 4)
- Pazo do Río





“Era unha grande casa con dous vastos andares e un baixo alugado, ao menos desde o meu nacemento, a un farmacéutico que instalar alí o seu comercio. A casa daba dun lado para a rúa e doutro para un xardín bastante grande, pechado por muros que estaban cheos de hedra e de madreselva, que unha alta escaleira de pedra dividía tamén en dous andares, e que confinaba a través da súa segunda terraza –a máis alta a xulgar polo que se vía cando era pequena—cos barrios onde se xuntaban todos os bordeis da cidade; no tempo do meu avó quizais non había alí máis ca prados”.

María Casares (2009), *Residente privilexiada* (p. 33)

“...estaba case deserta, longa e delgada media lúa de area fina coa marea alta, media lúa grande ao se retirar o océano”.

María Casares (2009), *Residente privilexiada* (p. 68)



A LINGUA GALEGA

María Casares mantivo ao longo da súa vida un vínculo afectivo coa lingua galega, e sempre a defendeu como parte da súa identidade. Nas cartas ao seu pai, a palabra galega que máis se repite é “*morriña*”.

- 1 Escoita como recita o seguinte fragmento do poema de Curros Enríquez, “Na morte de miña nai”, en 1989, un poema que lle lía seu pai habitualmente (min 1:40 do vídeo). Repara en que non perdeu o seu acento galego, un feito do que ela sempre estivo orgullosa.



escanea o código qr
ou preme na ligazón:
<https://bit.ly/3fqWBr4>

- 1 Dixo ela nunha ocasión que este poema lle gustaba moito porque podemos imaxinar que a nai que morreu é Galicia. Por que pensas que se pode interpretar así? De que recurso literario estaríamos a falar?

¡Como recordo aquelas noites claras
en que ó fulgor da prateada lúa
me arrolabas o sono, dos teus cantos
coa doce música!

¡Como recordo aqueles tardes tristes
en que os tronos sentindo, rezabamos
por que Dios leve ós probes mariñeiros
a porto salvo:

Polos necesitados camiñantes,
polos vellos sen pan e sen abrigo,
polos nenos sen pai..., abandonados
coma os teus fillos!

¡Ai! Eu tamén rezar quixera agora
por ti, de tanto amor en xusto pago;
mais dende que te fuches, miña rula,
¡teño un cansacio...!

Melancolía, musa dos doentes,
do meus espírito noiva feiticeira
¡déixame que hoxe no teu colo
durma sono de pedra



CARA ÁS PROFUNDIDADES DO OCÉANO: A GALICIA DE MARÍA CASARES

Le o seguinte texto en que María Casares describe **Galicia**.

"... terras húmidas, verdes e sombrizas, agridoces de Galicia, o seu ceo inconstante, rápido, inesperado, a chuvia miúda, fina, indefinida, máscara de poalla que cobre de velos de melancolía azul-cincenta os bosques de faias, de piñeiros e de eucaliptos, de outeiros apartados, os prados debuxados de toxos e de xestas, as hortas salvaxes, os carreiros, as rotas ao azar, as extensas tomadas sen cultivar, os campos con valos duramente traballados, as vellas pedras que erguen cruces na revolta do camiño, as capelas escondidas en todo e calquera parte, as fontes, os lavadoiros, os montóns olorosos de esterco, as vacas que non chegan nunca a facer unha rabañada, os cans vagabundos, os cochos que batuxan na lama dos carreiros e das encrucilladas á volta dun berce que coida unha muller en canto estona castañas, vella coma o mundo, vestida de negro até os pés, un pano negro anoado sobre os cabelos visíbeis arredor dunha faciana de gres labrada por misteriosos sucos.

Galicia, esta viúva que canta docemente coa choiva e coa saudade de "algures" nos climas temperados da Corrente do Golfo".

María Casares (2009), *Residente privilexiada* (p. 30)

- Galicia é identificada pola súa natureza. Busca e clasifica as palabras do texto pertencentes ao campo semántico das plantas e aquelas pertencentes ao campo semántico dos animais.

PLANTAS

ANIMAIS

- Por que cres que o único ser humano ao que fai alusión na descrición é unha muller? Podes relacionalo co poema de Curros Enríquez que recitaba María?
- Explica nun par de liñas como é a valoración que dá María Casares de Galicia neste texto. Concordas con ela?
- Busca en Internet o poema "Viúvas de vivos, viúvas de mortos", de Rosalía de Castro. Relaciónao con este texto de María Casares.



A partir do que aprendiches ata o de agora sobre María Casares, escolle tres palabras que penses que mellor caracterizan a súa infancia en Galicia e gárdaas para o proxecto final desta unidade.

CALMA

O MOVEMENTO DAS MAREAS

INDIFERENZA

CIDADE

MORRIÑA

CAOS

COMPROMISO

CURIOSIDADE

MITO

INTENSIDADE

NATUREZA

TRASFEGA



03. MADRID: O TEMPO DA REPÚBLICA

No ano 1931, tras as eleccións de abril, que o pobo interpretou como unha decisión entre a monarquía e a república, declárase a **II República** en España e o rei Afonso XIII exíliase. O pai de María, Santiago Casares Quiroga, é nomeado Ministro de Mariña, polo que a actriz debe marchar a Madrid coa súa familia.

Con 13 anos, recorda ese momento así nas súas memorias:

"Sei que a partir daquel momento, A Coruña, Montrove, a calle Panaderas, o océano, o sol, a chuvia e mais eu, non eramos xa os mesmos. Sabía que de alí en diante xa non podería seguir con eles o curso das estacións dun ano ao outro, que o tempo deste país no sucesivo sería contado, e de golpe as miñas ligazóns con el estaban perturbadas (...) Acontecera unha metamorfose. Xa non era unha nena."

María Casares (2009), *Residente privilexiada* (p. 24-25)

A súa estancia alí estivo marcada pola educación que recibía no Instituto-Escuela, lugar onde se produce o seu primeiro encontro co teatro. Tamén é Madrid a cidade onde descobre o cinema, e onde a nena Vitola queda fascinada con *Frankenstein* e *King-Kong*.


A II REPÚBLICA

1 Le o cadro onde se recollen algúns dos logros conseguidos na II República e investiga:

- a) Estiveron vixentes moito tempo?
- b) Indica cales temos hoxe e cales foron anulados durante o franquismo.
- c) Como podes observar, durante a II República as mulleres viviron un avances en precedentes na conquista da igualdade. É a primeira vez que unha constitución recoñece que "todos os españois son iguais ante a lei". A conquista do voto feminino foi posible grazas á loita da deputada republicana Clara Campoamor. Busca información sobre a súa vida e fai un resumo de tres liñas. Despois, investiga sobre o movemento sufragista.
- d) Como cres que todos estes fitos puideron influír na vida de María Casares?

II REPÚBLICA

Algúns fitos importantes

Promóvese a igualdade entre homes e mulleres.	
 Recoñécese por primeira vez o voto feminino.	
Sepárase a Igrexa do Estado.	
 Esténdese a educación obrigatoria, gratuíta e laica.	
Legalízase o matrimonio civil e o divorcio.	
 Créanse os Estatutos de Autonomía de Cataluña, País Vasco e Galicia.	

O INSTITUTO - ESCUELA

A II República supuxo un cambio importante na **educación**. Ademais de separar a relixión da escola, construíron 13.000 escolas novas en dous anos para intentar acabar co analfabetismo en España.

2 Le o seguinte fragmento en que María Casares lembra o Instituto-Escuela:

Non sufríamos ningún exame, ese medo de pesadelo para os tímidos. Baseábanse para pasar dun ano ao seguinte no traballo e nos resultados do ano transcorrido (...). Unha grande parte do horario estaba consagrado aos deportes, aos xogos, ás excursións, ás experiencias prácticas, aos traballos manuais, visitas de monumentos, museos, fábricas. A partir do terceiro ano, facíamos unha longa viaxe por España ou polo estranxeiro. Iniciábannos na música, na danza, no teatro, e cada mañá, antes de dirixírmolos ás nosas respectivas clases, xuntabámonos todos, baixo as enormes cristaleiras do grande vestíbulo da entrada, para cantar. Os profesores eran seleccionados rigorosamente entre os membros do ensino, as familias intelectuais; e se ben non eran sempre mestres incontestábeis –son escasos—polo menos tiñan isto en común: unha mente aberta e liberal (...).

Isto acontecía, convén non esquecerlo, en España e a comezos dos anos trinta; eu non souben o que eran os mandilóns (...) cos nomes (...) marcados en vermello no pequeno peto dereito (...), a obriga de levar chapeu, medias ou calcetíns, e para rematar, tampouco a discriminación e a separación de sexos, que en Francia (!), en París (!), en 1937 sentín ao chegar ao instituto Duruy, como se me pecharan nun seminario da Idade Media.

María Casares (2009), *Residente privilexiada* (p. 96)

- a) Busca a relación completa de principios pedagóxicos do Instituto-Escuela na Galipedia. Cales menciona María Casares neste fragmento?
- b) Que actividades destacarías, de entre as que propón? Que opinión tes, se comparas o Instituto Escuela co teu instituto?
- c) Como caracteriza a súa escola posterior, en París?
- d) María Casares escribiu nas súas memorias que recoñeceu “sempre, case a primeira vista, o home ou a muller que levaba as pegadas do Instituto-Escuela: un despexo; un ar de independencia, de liberdade; unha ollada de curiosidade que (...) respira a través das fronteiras”. Explica que quere dicir con “unha ollada de curiosidade que respira a través das fronteiras”.
- e) O Instituto-Escuela Formaba parte da Institución Libre de Enseñanza (ILE). Busca que outras personalidades coñecidas estudaron neste centro, e quen foron algúns dos profesores e colaboradores. Comenta se coñeces os nomes.
- f) Busca información sobre a escola do franquismo e compáraa neste cadro coa de María Casares e coa túa.

A escola da república

A escola do franquismo

A escola actual



CARA ÁS PROFUNDIDADES DO OCÉANO: A GUERRA CIVIL

En xullo de 1936 prodúcese un **golpe de estado** contra o goberno da República, dando inicio á Guerra Civil, onde se enfrontan o bando nacional golpista e o goberno legal republicano. O seu pai, que pertence a este último grupo, vai combater á serra madrileña como miliciano, mentres María axuda a súa nai no hospital Oftálmico, atendendo aos feridos que chegan da fronte.

Le os seguintes fragmentos en que a actriz relata o inicio da guerra.

A ...unha chamada de Marrocos anunciaba a meu pai a sublevación do exército. A guerra civil dividía España en dúas partes e A Coruña encontrábase baixo a dominación destoutro galego, Franco; as familias esnaquizábanse, coma o espello, en campos inimigos, e pais, fillos, irmáns, amigos, divididos, medíanse, pálidos, por causa da máis vella das furias e golpeados pola conmoción. Que nos indica isto sobre a moral da época?

B Comezou polo ruído moi pronunciado do galope dunha cabalgada fantástica. Semellaba que todas as cabalarías de todas as Españas atacaban Madrid (...). Erguinme para escoitar na ventá. Gritos afastados. Carreiras. Estralos. E despois, a primeira detonación. Uns minutos despois, o ceo parecía de lume tras a ventá coas contras pechadas. A furia do bombardeo sacudía con forza os vidros, o chan do meu dormitorio, e facía tremer a cama. Alguén abriu a porta e díxome de lonxe, cun ton calmo: "Estás ben?" Respondín tranquilamente: "Estou..."; "Durme; non teñas medo, non vai pasar nada" (...). No silencio que se volveu facer mortal, rompín a chorar maino. (...) a urxencia das decisións que había que tomar, illábame de toda tristura e de toda emoción. Tiña que abandonar como fose Madrid, abandonar España, dirixirme a Francia. Tiña que...

C Certamente, España estalara como un prato fendido en dous polo lume.

D E a medida que as oportunidades de frear a marcha inimiga se escurecían, os berros de No pasarán inflamábanse, multiplicábanse, facíanse cada vez máis frecuentes e impetuosos. Os paseos medraban tamén. Pregúntome onde e como se encontraban aínda vítimas ás que fusilar; pero entrementes que os hospitais sobrecargados, inventaban corredores para colocar os feridos chegados a moreas, removíase aínda Madrid e os seus arrabaldes para encontrar onde acoller os cadáveres de homes e mulleres abatidos sen xuízo.

María Casares (2009), *Residente privilegiada*
(p. 120, 130-132 e 142)

- Sinala algúns recursos literarios que emprega María Casares para describir a guerra. Que efecto producen?
- Explica que significado ten no texto D "paseos" e que quere dicir con "homes e mulleres abatidos sen xuízo".
- Investiga sobre o lema **No pasarán**. Que significa? Cal é a súa orixe? Transcribe o lema en francés e inglés, e indica en que momentos da historia foi empregado e por quen.

Un océano de
palabras

A partir do que descubriches ata o de agora sobre María Casares, escolle tres palabras que penses que mellor a caracterizan e gárdaas para o proxecto final desta unidade.

DESCUBERTA

CONSERVADURISMO

ESCURIDADE

IGUALDADE

PASIVIDADE

REPÚBLICA

LIBERDADE

CONFRATERNIDADE


CULTURA

REBELDÍA

MADUREZ

148, rue de Vaugirard
(onde viviron María e Gloria)
Foto: María Lopo

04. PARÍS: EXILIOS E RESISTENCIAS



A **Guerra Civil** estala en 1936 e pon fin á II República. Como o seu pai tivera responsabilidades políticas no goberno republicano, ante unha posible represión por parte do bando fascista, María e a súa nai, Gloria, foxen a París.

A Guerra Civil acaba coa instauración da **ditadura franquista**, feito que converte a María e á súa nai en **exiliadas**, igual que ao seu pai, que se unira a elas en París. En Francia viven arredor de trinta anos, primeiro no Hotel Paris-New York, e despois nun apartamento, na mesma rúa de Vaugirard. É nesta época cando María Casares decide facer teatro; despois de oíla recitar, un amigo da familia di "esta nena ten que facer teatro (...) se non, vai afogar".

Esther Casares, a irmá de María, que quedara en España, foi **represaliada** por ser filla de Santiago Casares Quiroga: apartárona da súa filla e metérona tres anos no cárcere da Coruña. Unha vez saíu, foi sometida varios anos a un arresto domiciliario, o que fixo que tardase 19 anos en reencontrarse coa súa irmá.

A pesar de que María Casares non viviu a ditadura franquista, sufriu as consecuencias da **II Guerra mundial** en Francia, onde as tropas da Alemaña nazi ocuparon parte do país de 1940 a 1944. Esta circunstancia fixo que o pai, Santiago Casares, tivera que exiliarse de novo, cara a Inglaterra.

No apartamento da rúa Vaugirard, María e Gloria acolleron a moitos intelectuais exiliados que estaban de paso, como os republicanos coruñeses Sergio Andiñón e Amalia de la Fuente. Anos máis tarde, durante a Ocupación de Francia polas tropas da Alemaña nazi, continuaron este labor de acollida dando refuxio a persoas xudías, entre as que se encontraba a súa amiga e doutora en Filosofía Nina Reicyn, que frecuentaba o seu apartamento á noite para escapar dos rexistros nocturnos da policía e, por conseguinte, dunha posible deportación.

EXILIO OU REPRESIÓN

- 1** Despois do golpe de Estado e a instauración da Ditadura, milleiros de republicanos e intelectuais tiveron que exiliarse para vivir en liberdade, tal e como recolle a actriz neste parágrafo:

Os artistas, os escritores, os poetas, a meirande parte dos intelectuais españois, buscaban por camiños de Francia primeiro, de América despois —de México sobre todo, que permaneceu sempre fiel á República—, un lugar onde poder afincarse e traballar. Outros, os menos privilexiados, estaban pechados preto da fronteira nos primeiros campos de concentración dos que eu oín falar. E despois de que fusilaran a Lorca en Andalucía, en nome de non sei que clase de aberración, e mentres Miguel Hernández perecía coa tise nos cárceres de Franco, un outro dos nosos grandes poetas, Antonio Machado, morría en Argelès.

María Casares (2009), *Residente privilexiada* (p. 167 - 168)

- a)** Coñeces os poetas citados? Busca as súas principais obras en Internet.
- b)** Argèles-sur-Mer foi unha pequena vila costeira de Francia que se converteu ao remate da Guerra Civil nun campo de concentración para os refuxiados republicanos españois, que se calcula que foron arredor de 500.000. Como a propia actriz rectifica a pé de páxina, non é certo que Antonio Machado morrese alí, mais é así como o recorda. Hoxe sabemos que faleceu un pouco máis cerca da fronteira, en Colliure. Busca en Internet datos sobre os campos de concentración que había en España durante o franquismo. Cantos eran?
- c)** En Galicia tamén houbo campos de concentración franquistas. Entra no enlace do QR da páxina seguinte para ler un artigo do xornal Praza e responde as seguintes preguntas:

- Cantas persoas se estima que foron recluídas nos campos?
- Canto tempo estiveron en funcionamento?
- Como eran clasificados os prisioneiros?
- Que tipo de instalacións eran utilizadas?
- Busca no mapa interactivo cal era o campo que estaba máis próximo da túa vila.



<https://bit.ly/3KdHS15>

A LINGUA FRANCESA

María Casares intentou entrar no Conservatorio, pero o seu acento fíxoa fracasar dúas veces antes de conseguilo. Para ela foi todo un reto aprender o francés perfectamente para poder facer teatro e tivo que poñer todo o seu empeño en “exercicios para afrancesar os R vibrantes españois” e “ximnasia dos labios para transformar os B en V”. Esta adaptación chegou ata o seu propio apelido, que tivo “que vestir cun acento grave para lle restituír o s final = Casarès” (sen o acento, pronunciárase “Casar”).

- 2 E o seu nome, sabes como o pronunciarían en Francia cando se dirixían a ela?
- 3 Nas súas memorias, cando quere reproducir un francés falado por un español, escribe oracións como a seguinte: “Mon père où courrez-vous?”. Escribe a frase correctamente e indica cales son os sons alterados. Como imitamos nós a fala dunha persoa francesa que fala a nosa lingua con acento?

A RELACIÓN CON ALBERT CAMUS

En Francia, María Casares ten unha relación amorosa con Albert Camus, escritor e filósofo francés moi comprometido coa defensa dos dereitos e das liberdades humanas. Este recibiu en 1957 o Premio Nobel de Literatura e doou unha parte do galardón aos “refuxiados españois” residentes en Francia.


- 4 Albert Camus e María Casares comezaron a súa relación o día en que se produciu o desembarco de Normandía. Busca que día ocorreu e que importancia ten este acontecemento na Historia.
- 5 Ela conta nas súas memorias que a súa canción do momento era *La vie en rose*. Búscala, escóitaa e intenta comprender o que di. Investiga que máis cancións soaban de fondo no día a día de María Casares, momento en que se produce o esplendor da *chanson* francesa.
- 6 Albert Camus chamaba á actriz “a miña Fisterra”. Ademais da Fisterra galega, hai un Finistère na Bretaña francesa, onde María pasa as súas primeiras vacacións e di que lle recorda a Galicia.

a) Busca a etimoloxía deste topónimo.

b) Sitúa con axuda de GoogleMaps estas dúas Fisterras. Teñen algo en común na situación espacial?



María Casares e Albert Camus
Colaxe de Sara Lamas



Rochedos de Tas de Pois en Camaret (Finistère), na Bretaña

No momento de descubri-la Bretaña, sobre todo a Bretaña de Finisterre, deume a impresión de me atopar xusto en Galicia, unha Galicia se cadra aínda máis ruda, máis forte [...]. Namoreime desa Bretaña, naturalmente.

María Casares nunha entrevista con Ursula Heinze no libro *Mulleres* (1991)



CARA ÁS PROFUNDIDADES DO OCÉANO: UNHA DIFÍCIL ADAPTACIÓN

Le o seguinte texto onde María Casares fala das dificultades que tivo ao chegar a Francia.

Talvez pertenzo a unha xeración difícil de clasificar nun lugar ou nun tempo certo, unha xeración que, en Francia, vén doutra parte, ou máis ca nada vén de fóra en calquera lugar en que ela se atope; a eterna multitude de emigrantes ou exiliados que, fóra, saídos das súas terras, volven encontrarse en situación de se ter que facer dignos de vivir. (...) e, para isto, refacer todo, recomenzar todo, até o alfabeto, que nos cumpría aprender a soletrar outra vez. E as maneiras. E o espírito. E o corazón. Había que facer recuar até a nada, se se podía, os derradeiros vestixios da persoa que se fora, para chegar a ser a mesma pero unha outra. Había que mergullar até o máis segredo dun mesmo o que se fora, e acoller, beber, engulir todo o que nos viña do exterior. [...]

Adaptarse. Eis un poder que non atesoura calquera que sexa; é un privilexio. Porque para se adaptar, sen se perder, cómpre un certo sexto sentido da existencia. [...]

E saín adiante. Estaba alí, a sopesar en balde no espello as oportunidades que me levaran até aquí, no medio da guerra civil, o exilio, a Segunda Guerra Mundial, o éxodo e para rematar a ocupación alemá, durante a cal eu acababa de facer a miña estrea, uns días antes, no teatro dos Mathurins, cunha obra irlandesa de J. M. Synge, *Deirdre des Douleurs*, onde facía o primeiro papel, esmagador, en francés, en París, e que, de noite ao día, me consagrara como primeira actriz e me asegurara até hoxe o lugar que cobizaría se tivese tempo e ganas de soñalo. E todo isto en seis anos e partindo de menos cero. [...]

...porque non tiña oportunidade ningunha!, acento de máis!, nerviosa de máis!, nova de máis!, bruta de máis!, estranxeira de máis!

María Casares (2009), *Residente privilexiada* (p. 152-154 e 176)

- Enumera todas as dificultades que atopou no camiño María Casares, na súa condición de exiliada nun país estranxeiro.
- A que cres que fan referencia as palabras destacadas en cursiva das últimas liñas?
- Coñeces a alguén da túa familia que tivese que exiliarse ou emigrar? Que dificultades atopou no novo país?
- Dividídevos en pequenos grupos para facer un debate arredor da seguinte cuestión: Coidades que estas mesmas dificultades existen hoxe para os emigrantes e refuxiados que chegan ao noso país?



A partir do que aprendiches ata o de agora sobre María Casares, escolle tres palabras que penses que mellor caracterizan a súa vida en Francia e gárdaas para o proxecto final desta unidade.

	EMIGRANTE	INDIVIDUALISTA
SOLIDARIA	SACRIFICADA	TEIMOSA
COMPROMETIDA	ANTIFASCISTA	EGOCÉNTRICA
APOUCADA	PERSEVERANTE	INADAPTADA

A black and white portrait of actress María Casares. She is shown from the chest up, looking slightly to her left. Her hair is dark and pulled back. She is wearing a dark, sleeveless top. The background is dark and textured.

04. MARÍA CASARES: A ACTRIZ

*A 29 de
que já a de
dos Estheres
holandeses em Paris
de nossa família
na TIA
maia Victoria*

María Casares exerceu fascinación durante a súa carreira como **actriz**, tanto en Francia como no estranxeiro. Debutou en 1942, representando con apenas vinte anos o papel dunha muller exiliada na obra *Deidre*, de J. M. Synge, no Théâtre des Mathurins.

Durante seis anos colaborou, no marco do Festival de Avignon, co Teatro Nacional Popular (TNP), compañía francesa dirixida por Jean Vilar que tiña un grande compromiso coa sociedade e que propoñía un teatro para todos, que puidesen desfrutar tanto obreiros coma intelectuais.

Ademais das obras en francés, tamén participou nalgúñas en español, e a primeira delas foi *Yerma*, escrita por Federico García Lorca e levada á escena pola compañía de Margarita Xirgu. Casares represéntaa en 1963 en Bos Aires. A España non volve ata 1976, para participar na obra de Alberti, *El adefesio*.

Na década dos 40, a actriz María Casares dedicouse ao cinema intensamente. Apareceu en once longame-traxes, mais houbo tres que lle valeron as súas imaxes máis icónicas: *Les Dames du Bois de Boulogne* (1945), de Robert Bresson, *La Chartreuse de Parme* (1948), de Christian-Jaque e *Orphée* (1950) de Jean Cocteau.

A VOZ E O XESTO

Dixeron que a súa maneira de representar era especial, fóra dos canons do momento, cunha unión total entre o corpo e a voz.

ELEMENTOS PARALINGÜÍSTICOS:

aspectos que apoian a comunicación dunha mensaxe a través da oralidade: entoación, timbre, volume, onomatopeas, silencios...



ELEMENTOS NON LINGÜÍSTICOS:

aspectos que apoian a comunicación dunha mensaxe no plano visual, a través do uso do corpo: xestos, postura corporal, mirada...



Escoita o recital en español, onde María Casares recita o poema "Esto es amor" de Lope de Vega.

<https://bit.ly/3qkaZYx>



Agora visualiza o vídeo en que se recolle un anaco da súa actuación en 1956 de *Macbeth*, de Shakespeare, no Festival de Avignon, co Teatro Nacional Popular.

<https://bit.ly/3K3XEez>



- 1 Indica, en cada caso, que elementos paralingüísticos e non lingüísticos apoian a súa actuación.
- 2 Por que cres que dixeron dela que representaba "a beleza dun movemento total"?

O TEXTO TEATRAL

3 Busca na Galipedia a lista de obras que representou María Casares. Durante cantos anos se dedicou ó teatro?

a) Relaciona os seguintes autores de obras que ela representou coa súa nacionalidade e século.

b) Hai algún dramaturgo galego? Foi coetáneo dela?

- | | | |
|------------------------------|-------------|--------------|
| • Henrik Ibsen | • español | |
| • Ramón del Valle-Inclán | • ruso | • s. V a. C. |
| • Federico García Lorca | • francés | • s. XVI |
| • Jean-Paul Sartre | • alemán | • s. XVII |
| • Luigi Pirandello | • inglés | • s. XIX |
| • Molière | • grego | • s. XX |
| • William Shakespeare | • italiano | |
| • Pedro Calderón de la Barca | • noruegués | |
| • Anton Chéjov | | |
| • Bertold Brecht | | |
| • Esquilo | | |
| • Rafael Alberti | | |

4 Como se recoñece un texto dramático? Que partes ten? Identificaas no seguinte fragmento dunha peza de 1944 escrita por Albert Camus, *Le Malentendu* (*O Malentendido*). É nos ensaios desta obra onde se coñecen e namoran. María Casares interpretou o papel de Marta, unha moza que recibe, na pousada que rexenta canda súa nai, ao seu irmán Jan, anos despois de que este marchase da casa para casar. Este non desvela a súa identidade, polo que Marta e a súa nai, sen recoñecelo, deciden matalo para roubarlle.

Diagrama de estrutura do texto dramático:

- Mediodía. A sala común da pousada. É limpa e clara. Todo está ordenado. [...]
- ACTO PRIMEIRO
- ESCENA V [...]
- MARTA: (*Soña por un momento, pero retoma a situación.*) A onde se dirixe?
- JAN: Non o sei. Vai depender de moitas cousas.
- MARTA: Quere instalarse por aquí?
- JAN: Non o sei. Depende do que atope.
- MARTA: É igual. Pero non o agarda ningún?
- JAN: Non, en principio, ningún.
- MARTA: Supoño que terá vostede un carné de identidade.
- JAN: Si, pódollo amosar...
- MARTA: Non paga a pena. Chega con que poña se é un pasaporte ou un carné.
- JAN: (*Dubidando.*) Un pasaporte. Aquí o está. Quere velo?
- Marta cólleo e dispónse a lelo cando o criado vello aparece no limiar da porta.
- MARTA: Non, non te chamei. (*Sae. Marta vólvelle a Jan o pasaporte con certa distracción, sen o ler.*) Cando vai para alá, vive vostede preto do mar?
- JAN: Si.

Albert Camus. *O Malentendido*, trad. de Inma López Silva (pp. 174-175).

Poñédevos por parellas e representade o diálogo na aula, tendo en conta as acotacións.

5 Formade pequenos grupos e adaptade ao xénero teatral este fragmento en prosa das súas memorias, en que María Casares relata unha redada da policía francesa na procura de xudeus para a súa posible deportación. Velaquí algunhas pautas:

- a)** Decídide quen son os personaxes que interveñen nesta escena.
- b)** Indicade como é o decorado.
- c)** Creade as posibles indicacións para os actores e actrices.
- d)** Representade o texto na aula.

Aquela noite eramos seis na casa. Enrique aínda non volvera, pero estaba connosco Nina e outras tres persoas, todos xudeus. Escoitamos os ruídos das botas a bater contra a mármore da longa escaleira até o noso piso; logo, o timbre e algúns golpes na porta dos nosos veciños de escaleira, o señor e a señora Lévy, unhas persoas amabilísimas das que teño moito gusto en recibir novas, dende que, á súa vez, deixaron a rúa Vaugirard.

Como non obtiveron resposta, algúns momentos máis tarde, petaron á nosa porta. Xuntos na cociña, os nosos hóspedes estaban preparados para se dirixir á escaleira de servizo, sempre e cando esta saída non estivese cortada.

Mamá foi abrir. Eu, tiraba do alento; pero cando, coas primeiras preguntas, oín a voz de mamá responder mesturando todas as consoantes e teimar aínda en falar unha lingua que non aprendera nunca, corrín onda ela:

—“Non, o señor e a señora Lévy marcharon hai ben dúas semanas; non sabemos o seu enderezo e ademais nosoutas non os vimos marchar. Si, vivo coa miña nai e somos españolas. Desde logo, ímoslles mostrar os nosos papeis”.

Es español, pedinlle á miña nai que trouxese os nosos documentos de identidade. E na súa ausencia, pedinlles a eles que a desculpasen: un accidente que sufrira en España volvéraa moi nerviosa e – oxalá se me desculpe a min—penso que puxen o meu dedo índice na miña tempa, nese aceno que o explica todo. Pero eu dáballe ao tarabelo sen saber nin o que contaba, para afogar a mentira, e sobre todo para afogar co ruído calquera rumor insólito – mesmo da respiración—que puidese chegar da cociña.

Observaron detidamente os papeis e, despois de cruzar unhas palabras en alemán, preguntáronnos se estaba o cabeza de familia. Respondín que era eu, aínda que era evidente que querían falar do marido da miña señora nai. A continuación contamos a nosa historia habitual; pero ao devolvérennos os papeis, o que parecía mandar en todos botou unha ollada dubitativa, todo arredor, na entrada. Unha inspiración empurroume a convidalo a pasar e abrín a porta do salongiño. El sorriu, deu as grazas, púxose firme, saudou e despediuse cos outros. E agardamos que o ruído dos seus pasos descendese, todo ao longo da escaleira. Logo mamá foi ao balcón para estar certa de que marcharan e eu fun cara á cociña. Alí estaban os catro, de pé, amoreados contra a porta da escaleira de servizo –os uns contra os outros como grandes anos fantásticos--, acugulados nunha imposíbel mandrágora onde mesmo a beleza de Nina se esboroaba.

Mamá chegou triunfante: Marcharon! E eu caín redonda.

María Casares (2009), *Residente privilexiada* (p. 241-242)

O meu nome é Maria Casarès. Nacín en novembro de 1942 no teatro Les Mathurins. [...]

A miña patria é o teatro; e os dramas, as traxedias, as farsas, os melodramas, os sainetes, os vodevís, milagres ou misterios, toda a comedia humana, en fin, que alí se representa, é a que eu vivo. [...] Coñecín no escenario máis problemas, dificultades, incidentes, accidentes, fracasos, triunfos, praceres, alegrías, éxtases, acontecementos de toda clase e de toda envergadura que todos cantos poderían acumular na máis rica das existencias.

Viaxeí por todas partes, no espazo e no tempo. [...]

Vivín nos palacios do Renacemento, os castelos da Idade Media, as ruínas do Imperio Azteca. Cabalqueei as monturas das Amazonas. Atravesei portas pechadas. Atravesei os séculos. Camiñei do outro lado dos espellos. Sobrevivín á guerra, á peste, á mesma morte. Fun a Morte, e a Vida, e o Home, e a Muller, unha Planta, unha Serpe, unha Illa no Océano Índico. Vivín cen destinos. Sufrín os máis graves casos de conciencia. Matei. Traizoei. Fun verdugo e mártir. Sádica e masoquista. Tirana e escrava. Representei as máis belas historias de amor.

María Casares (2009), *Residente privilegiada* (p. 393-394)

Relaciona a mensaxe que transmite no texto coas seguintes declaracións da actriz. Explica que era para ela o teatro, e como se relaciona este coa vida.

O teatro é vivir O teatro [...] un terreo
multiplicada por cen de conquista, desafío
Non existe o teatro ou aposta
se non hai vida
representar equivale a comprometerse

A ACTRIZ DE CINEMA

7 Poñédevos en grupos e facede unha chuvia de ideas sobre as diferenzas entre o cinema e o teatro.

TEATRO		CINEMA
--------	--	--------

- 8 Agora comparade as vosas ideas coa opinión de María Casares, escoitando este breve programa da Radio Galega que aborda a relación da actriz co cinema.



escanea o código qr
ou preme na ligazón:
<https://bit.ly/3Gwm5zu>

- 9 Busca información sobre o mito clásico de Orfeo. A continuación, visualiza o tráiler e unha escena da película *Orphée* (1950), de Jean Cocteau, baseada neste mito, onde María Casares interpreta á Morte.



TRAILER

https://www.youtube.com/watch?v=rWcwhTX_pak



ESCENA

<https://www.youtube.com/watch?v=pXmUpsfe9Jk>



CARA ÁS PROFUNDIDADES DO OCÉANO: O ENCONTRO COA EMIGRACIÓN GALEGA

Coa Ditadura, a lingua galega foi prohibida nos usos públicos, e quen quixo escribir e publicar nesta lingua tivo que exiliarse. Así é que falamos da "literatura do exilio" e dos "escritores do exilio" que, sobre todo desde Bos Aires, axudaban a manter a actividade cultural galega. María Casares visitounos nunha ocasión, en 1957, cando realiza unha xira co Teatro Nacional Popular por Sudamérica. En Bos Aires é homenaxeada por Blanco Amor, Dieste, Seoane e outros, e prodúcese o reencontro coa súa lingua, que quedou inmortalizado do seguinte xeito na revista *Galicia Emigrante*:



Comida Homenaxe AGUEA. Bos Aires, 1957
Fundación Luis Seoane

GALICIA *emigrante*

nº 33 1958

Se recogió y grabó su voz en el auditorium del Centro Lucense de Buenos Aires. Rodeaban su fina, menuda y nerviosa figura un grupo de hombres además de los que hacemos la audición. En sus ágiles manos el tomo de las obras de Curros que abrió por «Saúdo». Con voz fuerte, despaciosa, con puro acento gallego, comenzó su lectura. Poco después su voz se quebraba y los ojos, los ojos claros de María Casares, se llenaban de lágrimas. Con las mejillas húmedas continuaba sin embargo la lectura. La voz fue entonces más débil. Se convirtió en susurro, en aliento. «Eu era neno, sí, moi neno», apenas dijo y volvió entonces a levantar la voz. Pero no fue más la del comienzo. Le temblaban las manos educadas para el ademán exacto. Le temblaba la voz quebrada por la nostalgia. Y llorábamos en silencio todos los allí presentes. Era el homenaje de María Casares a su ciudad, a Galicia.

- Busca en Internet quen era o seu director e encargado do deseño das súas portadas. A que se dedicaba?
- María dixo que "en Argentina es la primera vez que encontré la familia". Despois do que acabas de ler, que cres que significa?
- Investiga sobre estes escritores galegos e as súas obras. A que países emigraron? Cales foron autores de teatro en galego? Indica algunha das súas obras máis coñecidas.
 - Castelao
 - Rafael Dieste
 - Eduardo Blanco Amor

Un océano de palabras

A partir do que aprendiches ata o de agora sobre María Casares, escolle tres palabras que penses que mellor caracterizan a súa relación co teatro e gárdalas para o proxecto final desta unidade.

INTENSIDADE

LEVIDADE

REIVINDICACIÓN

UNIVERSALISMO

ELITISMO

FRATERNIDADE

PAIXÓN

EXUBERANCIA

TEATRO PARA TODOS

VANGARDA



05.


MARÍA CASARES: A VIDA TRIUNFANTE

Fachada da casa de María Casares en La Vergne
Foto: María Lopo

En 1976 María Casares volve a Madrid para preparar a presentación de *El adefesio*, de Alberti, obra da que non poderá facer a xira por España ao ano seguinte, xa que enferma de hepatite. Pasa os últimos anos da súa vida en La Vergne, unha casa que comprara no concello rural de Alloué, e que lle lembraba ao pazo da súa infancia, en Montrove. Curiosamente, o camiño de Santiago pasa por diante. Ela quería, xunto co seu compañeiro de vida e actor André Schlessler, "sen nos afastar de París, estar o máis preto posíbel do Océano". É neste lugar onde comeza a escribir as súas memorias, **Residente Privilexiada**.

Os recoñecementos á súa carreira como actriz chéganlle xa na madurez. É nominada aos César e recibe o Premio Molière á mellor actriz, o Premio Nacional de Teatro de Francia, a Medalla ó Mérito de Belas Artes de España, o Premio Segismundo da Asociación de Directores de España e a Medalla Castelao da Xunta de Galicia, que non recolle en persoa.

En 1996 acepta que os premios de teatro de Galicia leven o seu nome, pero morre antes de que se celebre a gala.



Portada das memorias de María Casares

AS MEMORIAS


- 1 María Casares revelouse, xa na vellez, como unha escritora de grande profundidade a partir da redacción das súas memorias, onde quería deixar constancia da súa vida. Que características ten este xénero? Coñeces as memorias doutras persoas famosas?
- 2 As súas memorias levan por título *Residente privilegiada*, que era o que poñía na súa tarxeta de refuxiada española. Por que cres que era "privilexiada"? Completa a súa tarxeta.



CARTE DE SÉJOUR DE
RÉSIDENT PRIVILEGIÉ



Signature du titulaire:



CARTE VALABLE

du _____ au _____

Validité territoriale

Delivré le _____

par M. le Préfet d _____

N° _____

Nom _____

Prénoms _____

Né le _____

à _____

de Santiago Casares Quiroga

et de _____

Nationalité _____

Situation de famille: célibataire, ~~marié~~,
~~veuf~~, ~~divorcé~~. (rayer les mentions inutiles)

Taille 1,59 m

Date d'entrée en France _____

Durée du séjour ininterrompu en France _____

Profession _____

Adresse _____

3 A pesar das limitacións da situación de "**residente privilexiada**" (controis periódicos na prefectura de policía para renovar os documentos, a prohibición de votar e de desempeñar determinadas actividades etc.), María Casares dixo que non solicitaría a nacionalidade francesa ata que chegase "o día que xa non houbera en Francia ou en calquera parte do mundo, refuxiados españois". Por que cres que dixo isto? Reflexiona sobre que pode querer dicir María con estas frases:

a) "Cando un está exiliado unha vez, está exiliado para sempre"

b) "Apréndese tamén unha cousa: non hai fronteiras. E se hai fronteiras, non están alí onde se di".

A VIDA TRIUNFANTE

4 A partir das seguintes frases de María Casares, explica brevemente coas túas palabras cal era a súa actitude ante a vida.

Vivir é sentir, sen amarguras, todas as idades, ata que chega a morte

**A vida paréceme boa para ser
engulida ou remoída**

Sufrir é necesario

... sempre me concentrei (...) en converter a desgraza en
fértil, até en creadora

Vivir con tanta forza ata morrer de vivir

5 Da súa vida quédannos pegadas inmortais, tanto en *Residente privilexiada*, como nas gravacións de audio e vídeo. Tamén na paisaxe.

a) Busca rúas e centros de ensino que leven o seu nome. Onde están situados?

b) Investiga en que se converteu hoxe a casa da súa familia, no número 12 da rúa Panaderas.



c) María Casares legou a súa casa de La Vergne ás autoridades locais, "en agradecemento a Francia por ser terra de asilo". Hoxe converteuse en La Maison Maria Casarès. Investiga na súa páxina web (<http://mmcasares.fr/>) que servizos e actividades oferta.

d) Quen concede os Premios de Teatro María Casares? Cales son as categorías que optan a premio? Que obras de teatro levaron premios María Casares no último ano? Busca os seus correspondentes vídeos promocionais en Internet.



Póster da Coruña na súa casa de La Vergne

Figuriña dos Premios de Teatro María Casares 2021,
elaborada por Paula Pereira, de Cavalinho do demo
Foto: Alberte Peiteável

6 **Recapitulamos!** A partir do seguinte poema de Claudio Rodríguez Fer, identifica todas as alusións a elementos ou condicións que formaron parte da vida de María Casares.

*M. sur une plage déserte, à l'extrême
pointe de l'Europe, dans un vent violent, fait la
course avec l'ombre des nuages sur le sable.
Elle est la vie, triomphante (Albert Camus).¹*

*Mais fronte a tanta morte, ela sempre
estivo coa vida: foi a vitoria da vida para os
seus pais, o triunfo do desterro para os exiliados,
a vida triunfante no seu lugar do amor (María Lopo).*

"A viaxe vermella (María Casares)"


A viaxe é unha muller descoñecida.

Viaxar co signo de Plutón,
co toxo, coas algas, coa humidade,
coas vacas que nunca chegan
a formar un rabaño.

A viaxe aos celtas,
ao teatro que é a patria,
ás praias desertas,
a ti que es a vida triunfante.

A Coruña, Montrove, Bastiagueiro,
Villa Galicia, Hôtel Paris-New York,
pola rúa Vaugirard vou con María
tras María tras María tras María...

Claudio Rodríguez Fer (2008), *Ámote vermella*



Gravado de Sara Lamas.

¹ "M. nunha praia deserta, na punta extrema de Europa, nun vento violento, bota unha carreira coa sombra das nubes na area. Ela é a vida, triunfante." (Albert Camus, *Carnets*, xullo-agosto de 1956)

06. MARÍA CASARES: ACTRIZ OCÉANO



Colaxe de Sara Lamas



- 1 Como puidesches observar ao longo destas actividades, o océano sempre exerceu fascinación a María Casares, pois son numerosas as citas ao mar, e sobre todo ao mar galego de Bastiagueiro. “Eu son do Océano”, dixo a actriz nunha entrevista.

Fagámoslle chegar o océano!

- a) Creade un mar de palabras para María Casares: xuntade todas as palabras que a caracterizaron ao longo das actividades propostas e elaborade con elas un caligrama coa forma das ondas do mar.
- b) Xuntádevos por parellas, escollede un dos dous caligramas e inserídeo nunha colaxe con elementos que representen a vida de María Casares: os seus lugares, a historia, a relación coa cultura francesa, o teatro e o cinema etc.

DÚAS TÉCNICAS ARTÍSTICAS DE ORIXE FRANCESA



Caligrama sobre a cheminea da cociña da Casa Museo Casares Quiroga

A **colaxe** (fr. *collage*) é unha técnica artística que consiste en pegar diferentes elementos sobre un papel (papeis, fotografías, recortes, letras...). Desenvolveuse dentro do movemento cubista, probablemente da man do pintor francés Georges Braque.



Colaxe de María Casares realizado por Sara Lamas

O **caligrama** (fr. *calligramme*) é un poema visual onde as palabras se dispoñen formando figuras relacionadas co contido do poema. Ao igual que a colaxe, desenvólvese dentro da vangarda cubista, grazas ao poeta francés Guillaume Apollinaire.

“E, durante un segundo, ela percibiu o océano.”

María Casares (2009), Residente privilexiada (p. 392)



Bibliografía

- Camus, A. (1989). *Carnets III* (mars 1951-décembre 1959). Gallimard.
- Camus, A. (2009). "O Malentendido", pp. 174-175 en *Calígula. O Malentendido*. Galaxia.
- Casares, M. (2009). *Residente privilexiada*. Trifolium.
- Fernández Manso, H. (Coord.). (2003). *Imaxe gráfica da Segunda República*. Fundación 10 de marzo.
- Galicia Emigrante (1958): Cincuentenario de Curros Enríquez. *Galicia Emigrante*, 33, pp. 2-3.
- Heinze, U. (1991). *Mulleres*. Xerais.
- Lopo, M. (2012). María Casares, actriz exiliada. *Aquí e Agora*, 12, IES Xograr Afonso Gómez de Sarria, p. 8.
- Lopo, M. (2015). A Galicia de Camus. *Grial*, LIII (205), pp. 13-21.
- Lopo, M. (2016). *O tempo das mareas. María Casares e Galicia*. Consello da Cultura.
- Lopo, M. (2017). María Casares e o cinema. *Evohé. Revista cultural do Campus Terra – Lugo*, 28, pp. 27-32.
- Lopo, M. (2017). María Casares. Unha andaina vital. *Andaina. Revista galega de pensamento feminista*, 68, pp. 47-49.
- Lopo, M. (2021). María Casares. A vida intensa. *Cidade das mulleres. Veciñas ilustres da Coruña*, I, pp. 48-51.
- Rodríguez Fer, C. (2009). "A viaxe vermella (María Casares)" en *Ámote Vermella*, pp. 119-123. Xerais.

Ligazóns de interese

Álbum de mulleres: María Casares (Consello da Cultura Galega): <http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=14>

Artigo de Manuel Rivas, "Retorno á casa do espolio", publicado en *El País* o 23 de marzo de 2007. https://elpais.com/diario/2007/03/23/galicia/1174648719_850215.html

Documental *Imprescindibles – María Casares* (2019), dirixido por Elisabet Anglarill y Manel Arranz (RTVE): <https://www.rtve.es/play/videos/imprescindibles/imprescindibles-maria-casares/5474470/>

Entrevista de Joaquín Soler Serrano a María Casares no programa *A Fondo* (1981) (RTVE): <https://www.youtube.com/watch?v=IEOJWQsIAfI>

Gravacións fragmentarias de actuacións teatrais de María Casares (Institut national de l'audiovisuel): <https://fresques.ina.fr/en-scenes/liste/recherche/MARIA%20CASARES/s#sort/-pertinence-/direction/DESC/page/1/size/10>

Información sobre a Casa Museo Casares Quiroga (Concello da Coruña): <https://www.coruna.gal/cultura/gl/espazos/detalle-para-entidade/casa-museo-casares-quiroya/entidad/1176031245284?argIdioma=gl>

Información sobre os Premios de Teatro María Casares (Asociación de Actores e Actrices de Galicia): <https://aaag.gal/mariacasares/>

Martínez Ten, L. et al. (2011). *Las maestras de la República. Unidad didáctica. Sindicadas*. http://www.educandoenigualdad.com/wp-content/uploads/2014/04/UD_maestras.pdf

Páxina web *A Coruña das mulleres* (Agrupación Cultural Alexandre Bóveda): <https://acorunhadasmulleres.gal/>

Páxina web de La Maison Maria Casarès: <http://mmcasares.fr/>

Programas de radio sobre María Casares (Radio Galega): <https://www.crtvg.es/rg/destacados/etiqueta/maria-casares>

Reportaxe sobre María Casares (TVG): https://www.youtube.com/watch?v=8q4Syziwd_M

Tráiler da película *La Chartreuse de Parme* (1948), dirixida por Christian-Jacque: <https://www.youtube.com/watch?v=Jme52PHJm68>

Tráiler da película *Les Dames du Bois de Boulogne* (1945), dirixida por Robert Bresson: <https://www.youtube.com/watch?v=NszCYIC-lcY>

Tráiler da película *Les Enfants du Paradis* (1945), dirixida por Marcel Carné: <https://www.youtube.com/watch?v=b2ZNXOi8g0A>

Tráiler da película *Orphée* (1950), dirixida por Jean Cocteau: https://www.youtube.com/watch?v=rWcwhTX_pak

Tráiler do documental *Las maestras de la República* (2013), dirixida por Pilar Pérez Solano: <https://youtu.be/p7s58S1iwSE>

Vídeo completo de *Despois das ondas* (2017), adaptación teatral sobre a vida de María Casares, realizada por Ernesto Is (Deputación da Coruña e ButacaZero): <https://vimeo.com/342720418>

Outras propostas didácticas arredor de María Casares

Lopo, M. (10 de maio de 2019). *Femmes dans l'histoire: Maria Casarès* (2º Curso de Educación Secundaria – Lingua Estranxeira: Francés). Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia. https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1557490951/contido/femmes/femmes/maria_casars.html

Polo Correo do Vento e Solla, T. (24 de maio de 2021). *Aprende coas mulleres galegas: Maria Casares*. Consellería de de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia. http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/maria_casares_actividades.pdf

